

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE FERROL

COMPRA PÚBLICA RESPONSABLE

Os Voceiros dos Grupos Municipais asinantes desta Moción, de conformidade co disposto no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, e co artigo 97.2 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte Moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte,

Exposición de motivos:

A compra pública responsable nas diferentes administracións públicas basease na compra pública ética, na compra pública social e mailo consumo público sustentable.

A aplicación da compra pública responsable supón a introdución de criterios éticos relativos ao cumprimento das convencións internacionais sobre as condicións laborais das traballadoras e traballadores, asemade de supor unha defensa do emprego estable e con dereitos, coidando da perspectiva de xénero e da contratación de persoas con diversidade funcional; a compra pública responsable aposta polo apoio ás empresas de economía social, aquelas que aplican procesos de xestión de carácter democrático e participativo, que priman ás persoas sobre o capital na repartición das rendas e que teñen unha finalidade de servizo aos seus membros e á colectividade; a compra pública responsable constitúe un elo necesario para desenvolver modelos de consumo respectuosos co medio ambiente, ao minimizar os impactos ambientais derivados do consumo ao contemplar como esixencias os parámetros da sustentabilidade ambiental.

Os poderes públicos teñen que desenvolver unha pedagogía social para garantir a extensión dos principios que informan a compra pública responsable, cuxos principios éticos, sociais e de sustentabilidade que van de seu nela son os alicerces doutros modelos de organización social, quen de procurar benestar e sustentabilidade ás persoas.

A Lei de Contratos do Sector Público amplía as posibilidades para a súa introdución , establecida pola Directiva 2004/18/CE sobre a coordinación dos procedementos de adjudicación dos contratos públicos de obras, subministracións e servizos. Xa que logo, trátase de que os poderes públicos asuman o compromiso político de desenvolver as potencialidades da compra pública responsable para producir cambios que fagan da contratación pública un útil eficaz na loita contra a exclusión social nas súas diversas manifestacións, para protexer o medio ambiente e para procurar contribuír a un desenvolvemento humano equilibrado, solidario e sustentable.

A compra pública responsable supón apostar por mercar e contratar só os bens e os servizos que sexan realmente necesarios e que cumpran as esixencias ambientais, en particular que sexan reciclados, reutilizables e reciclables; que cumpran as esixencias éticas no que atinxe á fabricación e produción segundo as convencións fundamentais da OIT e mailos certificados de comercio xusto establecidos na resolución do Parlamento Europeo 2005/2245 (INI) e os que se derivan dos principios da soberanía alimentaria e maila agricultura ecolóxica. E os criterios sociais, que supoñen priorizar a compra de produtos e servizos que proveñan das empresas da economía social, segundo defínense pola Confederación Empresarial de Economía Social , agrupando as sociedades laborais, as cooperativas, as mutuas, as empresas de inserción as fundacións e os centros especiais de emprego.

Na procura de achegar a nosa cidadanía os valores e avantaxes da compra pública responsable, os Grupos Municipais que asinan esta Moción propoñen ao Pleno do Concello de Ferrol a seguinte proposta de ACORDOS:

- Instar ao Concello de Ferrol a adoptar todas as medidas posibles tendentes a mercar e contratar só os bens e servizos realmente necesarios e segundo os criterios arriba enunciados de carácter ambiental, ético e social.
- Que o Concello de Ferrol impulse a formación dos responsables da contratación, intervención e asesoramento xurídico na aplicación dos criterios da Compra Pública Responsable.
- Que o Concello de Ferrol se comprometa a participar na Rede de Compra Pública Responsable, na que vai poder asesorarse e compartir experiencias con outras administracións e actores sociais.

- Que o Concello de Ferrol cree unha comisión técnica interdepartamental composta polos servizos municipais necesarios e que tería que artellar detalladamente os criterios de execución deste acordo.

Ferrol, 25 de maio de 2010.

